

## Lois Pereiro, a vea que me acolle

**Fidel Vidal**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

VIDAL, FIDEL (2011 [2011]). “Lois Pereiro, a vea que me acolle”. *La Voz de Galicia*. “A Voz de Barbantia”: 64 (29 de abril), L10. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1520>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

VIDAL, FIDEL (2011). “Lois Pereiro, a vea que me acolle”. *La Voz de Galicia*. “A Voz de Barbantia”: 64 (29 de abril), L10.

\* Edición dispoñíbel desde o 1 de decembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## LOIS PEREIRO, A VEA QUE ME ACOLLE

Fidel Vidal

O narcisismo, di Freud, é o complemento libidinoso do egoísmo inherente á pulsión de autoconservación. Lacan céntrao nas relacións de identificación, no proceso de constitución do eu que se une ao desexo, especular, como desexo da nai. No entanto, a identificación máis profunda enraízase no líquido vital da vea e do cordón umbilical: no sangue.

Sigo os pasos de sangue no meu corpo  
e coa unlla do meu dedo máis firme  
abro un sulco vermello en meia lúa  
na vea que me acolle tan azul.

(Lois Pereiro, "Narcisismo", *De amor e desamor*, 1984)

Os pasos a seguir, deciden ou fan camiño? Trátase de andar, dun acto en aparencia voluntario. Pasear, camiñar ou deambular? Son pasos de líquido vermello, de traxecto continuo e recorrente. Alancadas de sangue de ida e volta, no corpo, no meu corpo, continuamente xerado no miolo mineral dos ósos para un percorrido de limpeza: dispendio de intimidade de dar vida á vida e á vida conciencia.

Velaquí o paradoxo: o "outro" do espello son "eu". Son ese, ou son este que o di? A unlla como garra agresiva e defensiva. Mais a unlla do dedo máis firme é para me ferir. Ferida narcisista e simbólica. Cal é o dedo máis firme? Será o índice, ese que sinala, ordena e manda? O polgar? Sen polgar a man é media man, incapaz de agarrar ou facer puño. Ou o anular onde engarzar o símbolo da fidelidade? O do medio? Si, talvez o dedo medio, máxime non intre de se erguer, teso e ofensivo cos seus colegas retirados, para mandar o entremetido a tomar polo saco.

A través da nutrita embigueira regresamos até a cova uterina, á matriz sen memoria, ao doce sopor da bioloxía morna do gozo sen culpa, da éxtase inocente sen historia. Velaquí a vea acolledora para un corpo inestábel, enfermo, colleito e encollido como ser. A ferida é a marca identificadora dun mesmo para un mesmo. Amósase sen pudor ante os demais que descoñecen o valor do sufrimento. Mais ofrecéndollelo sinal, a pegada, a pista, onde bailar. Ese é o secreto por todos coñecido (Baudelaire), por aqueles interesados en saber iso do que son os verdadeiros donos: un secreto convertido para sempre no segredo.